



291 locais comerciais e entidades unidos pola campaña #Sarriaen negro #ContraAsViolencias

Por segundo ano consecutivo, o Concello de Sarria sumouse a este proxecto de sensibilización colectiva e visibilidade, que afonda nas causas da violencia de xénero e na necesidade de implicar a toda a sociedade na procura dun só obxectivo: 0 vítimas.

As cifras seguen a ser alarmantes (44 mulleres asasinadas no que vai de ano da man dos seus maridos, parellas ou exparellas, e 8 menores). Estamos ante un verdadeiro problema social. A violencia contra as mulleres é estrutural. Non se debe a trazos singulares e patolóxicos dunha serie de individuos. Deriva dunha forma cultural de definir as identidades e as relacións entre os homes e as mulleres. Prodúcese nunha sociedade que mantén un sistema de relacións de xénero que perpetúa a superioridade dos homes sobre as mulleres e asigna diferentes atributos, roles e espazos en función do sexo. A maior parte das veces interiorizados por cada un de nós inconscientemente; porque os respiramos cada día a través dos distintos axentes de socialización.

Esta aventura que empezou hai tres anos en Santiago de Compostela, hoxe une a 75 concellos e a máis de 5000 entidades e establecementos: 300 na nosa vila. O fai á marxe de cores políticos, unindo forzas e poñendo o acento na orixe.

A resposta unánime da comunidade educativa, dos equipos deportivos e de toda a veciñanza dános esperanza e folgos para continuar neste cometido. O voso apoio e compromiso é vital. Só a cohesión social fai crer que algo que se desexa, e en prol do que traballamos cada día, pode chegar a realizarse.

Aínda estás a tempo. Se queres adherirte á campaña chama ao CIM: 982535061. Delegación de Cultura, Igualdade e Xuventude. Pedímosvos que nos enviades as vosas imaxes a cim@sarria.es e para unha colleita común que utilicedes nas redes sociais as etiquetas #Sarriaen negro #Galiciaen negro #ContraAsViolencias.

MOITAS GRAZAS. Obxectivo 0 vítimas.